

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CINCUENTA E CINCO MINUTOS** do día **DEZANOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da señora tenente de Alcalde **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- SUBVENCÍONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito de Cerocinco Inmobiliaria, Rexistro de Entraa nº 726 de data 13 de febreiro de 2009, en nome e representación da Comunidade de Propietarios do Edificio Solaina, con domicilio social na Rúa Venezuea, nº 61 de Silleda, solicitando o asfaltado diante do mencionado edificio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Alcaldía.

1.2.- Escrito de Cerocinco Inmobiliaria, Rexistro de Entraa nº 725 de data 13 de febreiro de 2009, en nome e representación da Comunidade de Propietarios dos Garaxes Os Castro-Toxa, con domicilio social na Rúa G, nº 1 de Silleda, solicitando o arranxo dunha avería na beirarúa deste edificio, pola que se filtra auga a unha bodega do mencionado garaxe propiedade de D^o Armando Lázara Vázquez e D^a Lorena Rivas Torres.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Alcaldía.

1.3.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 738, de data 13 de febreiro de 2009, comunicando a remisión a esta Delegación unha denuncia formulada pola Garda Civil a Dº Ramón Luis Vila Durán, por se fose de competencia municipal, segundo o disposto no Decreto 94/2008, do 30 de abril, polo que se establece o pasaporte e cartilla sanitaria para os cans, gatos e furóns na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2º.- SUBVENCIONS.-

2.1.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 777, de data 17 de febreiro de 2009, remitindo resolución pola que se presta aprobación a xustificación nº duas e final (resto pendente) da obra “Mellora nas Parroquias de Cortegada, Cira e Taboada” incluída no Programa de Acción Municipal (PAM) 2006-08 nº 139-122/931 así como declarar o seu abono ó Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.2.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 778, de data 17 de febreiro de 2009, remitindo resolución na que se indica que visto o informe de intervención e en relación a aprobación da xustificación nº dous/final da obra “Mellora nas Parroquias de Cortegada, Cira e Taboada” incluída no Programa de acción Municipal 2006-08, co nº 227-139-122/931, a favor do Concello de Silleda, por importe de 54.901,04 □□□, se rectifica a resolución presidencia número de rexistro de saída 19679, de data 31.12.08, por un error no importe total, pasando a ser como seguidamente se detalla:

ANUALIDADE	PARTIDA	EUROS
2006	08/911-911-762.45.2006	6.820,09 □□□
2007	08/911-911-762.45.2007	20.040,48 □□□
2008	08/911-911-762.45	20.040,47 □□□
TOTAL		46.901,04 □□□

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Visto que con data 23 de xaneiro de 2.009, a Xunta de Goberno Local, acordou

aprobar o proxecto de obras denominado “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” incorpórase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra polo parece o procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 13 de febreiro de 2.009 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por acordo desta Xunta de Goberno Local, de data 12 de febreiro de 2.009, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 13 de febreiro de 2009, polo Interventor realizouse a retención de crédito oportuna e se emitíu informe de fiscalización do expediente coas conclusións seguintes.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o Informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 94 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 143.397,25 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello vixente.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra “Mejora de los camiños: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Solicitar ofertas a lo menos a tres empresas capacitadas para a execución do contrato.

3.2.- Visto que con data 23 de xaneiro de 2.009, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o proxecto de obras denominado “Mejora de los camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansem,il, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” incorpórase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra polo parece o procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 13 de febreiro de 2.009 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por acordo desta Xunta de Goberno Local, de data 12 de febreiro de 2.009, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 13 de febreiro de 2009, polo Interventor realizouse a retención de crédito oportuna e se emitiu informe de fiscalización do expediente coas conclusións seguintes.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o Informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 94 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra “Mejora de los camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansem,il, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)”

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 224.802,73 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello vixente.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra “Mejora de los camiños: Piñeiro-1, Piñeiro-2, Cira, Breixiña-1, Breixiña-2, Ansem,il, Carboeiro, O Castro-1, Saidres, Abades, Cervaña, Ponte, Iglesia de Ponte, Barrabaite, A Brea y O Castro-2 en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Solicitar ofertas a lo menos a tres empresas capacitadas para a execución do contrato.

3.3.- Visto que con data 23 de xaneiro de 2.009, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o proxecto de obras denominado “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso” incorpórase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra polo parece o procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que con data 13 de febreiro de 2.009 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por acordo desta Xunta de Goberno Local, de data 12 de febreiro de 2.009, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que foi redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 13 de febreiro de 2009, polo Interventor realizouse a retención de crédito oportuna e se emitiu informe de fiscalización do expediente coas conclusións seguintes.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o Informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 94 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso”.

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 119.990,50 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello vixente.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso” por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Solicitar ofertas a lo menos a tres empresas capacitadas para a execución do contrato.

3.4.- Dase conta do escrito presentado por Dº Isaac Fernández Sarmiento en representación de Construcciones Fernández Sarmiento S.A., de data 13 de febreiro de 2009, remitindo Plan de Seguridade e Saúde correspondente a obra do Fondo de Inversión Local denominada “Mellora e Acondicionamento da rúa Emilio Alonso Paz”, redactado pola

Arquitecta Técnica D^a Araceli Fernández Pena.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade acorda presta aprobación a este plan de Seguridade e Saúde.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Dase conta do informe emitido polo arquitecto asesor técnico municipal, de data 17 de febreiro de 2009, en relación á instalación para unha antena de telefonía, no lugar de Outeiro, parroquia de Parada (Silleda), promovida por France-Telecom-Orange.

Visto o informe anteriormente mencionado así como os demais informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Denegar a licencia de legalización da obra de instalación para unha antena de telefonía, no lugar de Outeiro, parroquia de Parada (Silleda), así como dar traslado ó promotor do informe técnico emitido.

2º.- Requerir a France-Telecom-Orange para que no prazo de tres meses, a contar dende a recepción deste acordo, proceda a retirada das construcións e/ou instalacións executadas, repoñendo os bens afectados o seu estado anterior, como responsable, xa que os actos realizados son incompatibles co planeamento urbanístico. Advírtese que, si no se executa, farao esta Administración, previo apercibimento, con carácter subsidiario.

4.2.- Dase conta dos informes da Policía Local nº 448/08 e 449/08, ambos de data 18 de novembro de 2008, sobre a denuncia presentada por D^o Ramón López Castro contra D^a Amalia Costa Rivas, con domicilio na rúa Braña do Medio nº 18 (Silleda), por verter descorros da casa (lavadora, vertedoiro, ...) á cuneta e polas portas de acceso da vivenda, xa que abren cara a estrada, invadindo o arcén e parte da calzada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda requerir a D^a Amalia Costa Rivas para que, no prazo de quince días hábiles, a contar dende a recepción desta notificación, proceda a subsanar estas situacións.

4.3.- Dase conta do escrito remitido pola Delegada de Patrimonio e Urbanismo de Asturias e Galicia de Administración de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), Rexistro de Entrada nº 732, de data 13 de febreiro de 2009, informando favorablemente a documentación remitida a ese Organismo por parte do Concello da fase “Informe Previo da Aprobación Inicial do plan Xeral de Ordenación do Municipio de Silleda”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

5º.- INTERVENCIÓN.-

5.1.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00012-09, de data 19 de febreiro de 2009, ascendendo a mesma a un importe total de 124.345,59 € (Relación en Anexo adxunto).

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,